

Arteixo / Sumarte

<https://sumarte.gal>
<https://sede.sumarte.gal>
augas@sumarte.gal

A Comisión de Selección designada para o proceso de selección para a provisión dunha praza de administrativo, ao servizo da empresa municipal Servizos Urbanos Municipais de Arteixo, S.A. e creación dunha bolsa de contratación, tras a revisión da documentación aportada polos aspirantes na Fase de Concurso, determina que a mesma non resulta suficiente para poder realizar a valoración no apartado de “**Experiencia Laboral**”, motivo polo que se acorda a apertura dun **prazo de diez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio** para que os/as solicitantes que presentaran a documentación no prazo establecido aporten, na sede electrónica de SUMARTE (<https://sede.sumarte.gal/opencms/gl>), mediante correo certificado remitido a SUMARTE (Praza do Alcalde Ramón Dopico, N°1, C.P. 15142, Arteixo), ou enviando a documentación ao correo electrónico sumarte@sumarte.gal:

Anexo II.2 do BOP número 128 do 6 de xullo do 2023, cuberto coa experiencia laboral que desexe acreditar no posto de administrativo (**ata o 5 de xullo do 2023**) xunto coa seguinte documentación:

- No caso de experiencia como **traballadores por conta allea**, acreditarase coa vida laboral, para os períodos a computar co grupo de cotización 5 ou superior, axuntando os contratos laborais de administrativo, ou no seu caso, coa documentación acreditativa que xustifique a prestación do servizo de administrativo.
- No caso de experiencia como **traballadores autónomos**, acreditaranse coa vida laboral para os períodos a computar, coa alta no epígrafe do IAE que corresponda, contrato, facturas emitidas ou documentación acreditativa que xustifique a prestación do servizo de administrativo.

Nos períodos que queiran computar deben facer a seguinte distinción:

- Vinculados á xestión do ciclo integral da auga, limpeza viaria, mobilidade, xestionado directamente por Administración Local ou os seus medios propios ou por empresas concesionarias.
- Outros servizos municipais, xestionado directamente por Administración Local ou os seus medios propios ou por empresas concesionarias.
- Empresas privadas.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico. Eva María Montes Fernández (Secretaria da Comisión de Selección)